


Esplendor arcano, de Ramiro Torres



Ramiro Torres
Esplendor arcano

Edición do autor-Grupo Surrealista Galego, A Coruña, 2012, 72 páxinas, 8 €

Un bo número de novidades literarias que están a circular con profusión nos últimos tempos, e que ademais gozan dun enorme eco nas redes sociais, proveñen quer de edicións de autor quer de editoriais que poderíamos denominar independentes. Neste caso, **Ramiro Torres**, que xa publicara algúns poemas en revistas e outros soportes, ofrece arestora o seu primeiro libro en edición do autor e, como se sinala nos créditos do libro, “na fraternidade do **Grupo Surrealista Galego**”.

Sexa como for, **Esplendor arcano** supón a primeira achega en forma de libro de Ramiro Torres, inequivocamente sorprendente por madura e intensa, epilogada por Pedro Casteleiro e con deseño de portada a cargo de Alba Torres Ferreiro. Desde o seu título está implícita ou atesóurase, ao meu ver, esa dicotomía presente en todo o poemario: unha luzada, un relampo luminoso de mans dadas co que, en aparencia, é difícil de enxergar ou comprender, co que talvez todo se ignora, isto é, un camiño de luz que serve de guía para nos conducir polos terreos do bretemoso e do escuro.

Velaquí, así pois, a proposta contida nos poemas deste libro: unha invitación para coñecer o misterio, ou para tentar desvelar algunhas das súas claves, a través dun diálogo suxestivo e intenso con outras voces que quixeron ou lles foi permitido antes percorrer ese camiño. E o poeta, nesta ocasión, repara en esencia na forza motriz do amor ou de Eros –<<aprendemos a / alquimia feroz / da desnudez / iluminada>>–, na incandescencia e na paixón para poder entender o universo e quen somos: a orixe e mais o final..., algo ao que é quen de articular, coma se fose deseñando unha polifonía construída con imaxes, vivencias e emocións, outorgándolle precisamente á propia palabra e á lingua un papel protagónico.

Convido a achegarse a este libro de Ramiro Torres pois a lectora, o lector, atopará unha poesía infrecuente, totalizadora, misteriosa e refulxente. Fala da vida e do enigmático, e para iso arreponse contra o inefable sendo quen de convertelo en emoción e palabras.

